

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

**19037** *Real decreto 1678/2009, do 13 de novembro, polo que se establecen medidas para facilitar a adaptación laboral do sector do xoguete aos cambios estruturais no comercio mundial.*

O sector de fabricación de xoguetes español, caracterizado por unha forte concentración xeográfica e un reducido tamaño empresarial, experimentou ao longo das últimas décadas importantes transformacións como consecuencia do proceso de globalización e a apertura progresiva dos mercados internacionais, que favoreceron a aparición de novos competidores, de tal forma que neste momento China lidera a produción mundial de xoguetes. Estas transformacións tiveron lugar principalmente na década de 1980 a 1990, período en que as estruturas produtivas do sector evolucionaron desde unha base caracterizada polas grandes organizacións que integraban todos os procesos de produción ata unha concepción empresarial apoiada na subcontratación e na externalización dos procesos, atendendo ao seu nivel de especialización técnica.

Malia a forte competencia asiática, a industria do xoguete na UE segue a manter un peso importante a nivel mundial. Co obxecto de manter estruturas de produción competitivas, as empresas e os centros tradicionais de fabricación de xoguetes levaron a cabo estratexias diferentes como a deslocalización da produción, a defensa de nichos de mercado selectivos, a diversificación da súa produción cara a sectores novos e o incremento da subcontratación e das empresas auxiliares do sector pola tendencia cada vez maior da externalización de procesos produtivos, proporcionando unha alta flexibilidade e unha gran diferenciación dos seus produtos.

Neste contexto internacional as empresas xoguiteiras están obrigadas a innovacións constantes do produto e débense esforzar por continuar mellorando a cualificación do produto ou servizo, apostando por aquelas actividades cun alto valor engadido para manter unha posición competitiva.

No ámbito da Unión Europea asumíuse a necesidade de facer fronte aos efectos perniciosos que os grandes cambios estruturais do comercio mundial teñen para aqueles que perden os seus postos de traballo. Neste sentido, no Consello Europeo dos días 15 e 16 de decembro de 2005 acordouse a creación dun fondo «destinado a ofrecer axuda adicional aos traballadores despedidos como consecuencia de importantes cambios estruturais nas pautas do comercio mundial e a asistilos nos esforzos de reciclaxe e busca de emprego». Con data do 1 de xaneiro de 2007 entrou en vigor o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización aprobado polo Regulamento 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, que ten por obxecto permitirlle á Comunidade Europea prestar axuda aos traballadores despedidos como consecuencia dos grandes cambios estruturais no comercio mundial provocados pola globalización.

Pola súa banda, a Comisión Europea, no seu informe «Os valores europeos nun mundo globalizado», do 20 de outubro de 2005, destacou os beneficios que reporta a apertura de mercados ao tempo que sinala a necesidade de «axudar tamén as persoas, a través de políticas adecuadas, para que os traballadores que perdan o seu emprego encontren rapidamente outro».

É preciso ter en conta, así mesmo, que as comunidades autónomas veñen aplicando medidas de política activa de emprego para este tipo de traballadores instaurando programas específicos que dean resposta ás necesidades xurdidas, sobre todo naquelas rexións e comarcas máis castigadas polos procesos derivados da maior competencia internacional.

Polo que se refire ao ámbito estatal, a disposición adicional sesaxésimo quinta, Medidas de apoio á modernización e mellora da competitividade do sector do xoguete da

Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, autorizou o Goberno para adoptar medidas de apoio á modernización e mellora da competitividade do sector xoguete para dar cobertura social aos traballadores que resulten excedentes estruturais nel, en materia de recolocación, fomento do emprego, formación profesional, desemprego, Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) e seguranza social.

Por acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, sobre «Establecemento dunha dotación orzamentaria específica para facilitar o axuste laboral dos sectores afectados por cambios estruturais no comercio mundial», autorizouse o financiamento, durante varios exercicios orzamentarios, por importe de 140 millóns de euros, a través do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal, para a concesión de subvencións que, enmarcadas nas políticas activas de emprego, facilitasen o axuste laboral e a reinserción dos traballadores que resulten excedentes nos sectores afectados por cambios estruturais debidos á apertura do comercio mundial, ben que referida a catro sectores: téxtil e da confección, calzado, moble e xoguete.

As ditas medidas foron obxecto de diálogo cos interlocutores sociais do sector do xoguete, no marco do diálogo social aberto na «Declaración para o diálogo social 2004: competitividade, emprego estable e cohesión social», subscrita o 8 de xullo de 2004 polo Goberno, a Confederación Española de Organizacións Empresariais, a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa, Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores.

En aplicación do disposto na Lei 51/2007, do 26 de decembro, antes citada, o Consello de Ministros, na súa reunión do 26 de decembro de 2008, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, adoptou un acordo sobre medidas sociolaborais integradas no Plan de Apoio ao Sector do Xoguete.

A Comisión Europea, nas súas decisións C(2009)5248, do 26 de xuño, e C(2009)5537, do 6 de xullo, considerou que os incentivos mediante bonificacións para o mantemento dos traballadores de idade das empresas do sector do xoguete e os incentivos para a contratación de traballadores excedentes do sector do xoguete son compatibles co mercado común, de conformidade co disposto no artigo 87, número 3, letra c, do Tratado CE.

O obxecto deste real decreto é desenvolver as medidas sociolaborais contidas no citado Plan de Apoio ao Sector do Xoguete. En concreto, un conxunto de bonificacións e de subvencións con que se pretende, por un lado, evitar a saída do mercado de traballo deste colectivo de traballadores, que implicaría unha gran perda e infrautilización de capital humano, sendo obxectivo da Estratexia de Lisboa incrementar os niveis de emprego e, por outro, facer un esforzo especial para que os traballadores de maior idade, que teñen escasas posibilidades de reinserción laboral, se integren no mercado de traballo. É unha realidade que os traballadores destes sectores van ter especial dificultade para reintegrarse no mercado de traballo, pois os sectores de onde proveñen non xeran emprego.

As bonificacións teñen por obxecto establecer medidas de apoio en materia de formación, establecer incentivos específicos ás empresas para manter nelas traballadores de 55 ou máis anos e establecer incentivos adicionais para favorecer a recolocación dos excedentes do sector do xoguete.

As subvencións que aquí se recollen resultan, algunhas delas, innovadoras dentro das políticas activas de emprego que tradicionalmente se veñen aplicando e tratan de incentivar a recualificación, a reciclaxe profesional e a empregabilidade dos traballadores.

Así, regúlanse subvencións económicas para a elaboración de plans de formación sectorial que poden ser dirixidos a calquera traballador do sector co obxecto de aumentar a súa cualificación, evitando deste xeito nalgúns casos o propio axuste laboral.

En segundo lugar, regúlanse as subvencións durante o proceso de busca de emprego, que son as tradicionais que se establecen para todos os traballadores, cun reforzo na contía das axudas cando van dirixidas ao colectivo de traballadores excedentes nun sector, o do xoguete, en que, na actualidade, concorren problemas de empregabilidade.

A seguir regúlanse tres subvencións innovadoras dentro do ámbito das políticas activas de emprego: as subvencións á mobilidade xeográfica, que teñen como fin estimular os traballadores para que acepten contratos fóra da súa localidade de residencia habitual mediante un dobre incentivo: unha axuda nos gastos que implique o cambio de residencia e un complemento temporal vinculado á aceptación dun emprego con condicións salariais inferiores; as subvencións para facilitar a inserción laboral de traballadores maiores de 52 anos, que teñen como obxectivo reintegrar este colectivo con problemas de empregabilidade engadidos por razón de idade, para que acepten traballos cun salario inferior ao que viñan gozando por un período suficiente que permita que se arraigue no sector e consiga experiencia suficiente; e as subvencións especiais para os traballadores de 55 ou máis anos, que se encontran en situación de especial necesidade unha vez esgotadas as prestacións de desemprego e todas as demais subvencións previstas neste real decreto, que teñen por obxecto conseguir que o traballador permaneza activo na busca de emprego desenvolvendo accións de formación e reciclaxe profesional.

Por outra parte, coa antes citada dotación orzamentaria poderanse financiar subvencións para promover o emprego por conta propia como autónomos ou en empresas de economía social, incrementando as porcentaxes de axuda respecto da normativa xeral.

Prevense, así mesmo, subvencións para a posta en práctica de programas experimentais de emprego específicos, conforme o establecido na Orde TAS/2643/2003, do 18 de setembro, ben que cunha regulación máis flexible. O financiamento destes programas con cargo á distribución territorial acordada na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, a súa suficiencia de dotación orzamentaria e a flexibilidade de que dispoñen as comunidades autónomas para a redistribución dos fondos que reciben do Servizo Público de Emprego Estatal entre os distintos programas de políticas activas de emprego van evitar efectos de desprazamento, en detrimento doutros colectivos cubertos polos programas experimentais.

Para a aplicación das subvencións especiais para os traballadores de 55 ou máis anos establécese a emisión de informe sobre a expectativa de dereito, que deberán efectuar os correspondentes servizos públicos de emprego ou órgano ou entidade competente da comunidade autónoma.

Este real decreto prevé a concesión directa das subvencións recollidas nel, atendendo ao seu carácter singular polo seu interese público, económico e social derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do sector do xoguete, orixinadas polas especiais condicións de competencia no mercado mundial, ao abeiro do disposto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A xestión destas subvencións corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal e ás comunidades autónomas con competencias en materia de xestión das políticas activas de emprego dentro do marco definido neste real decreto, que se dita ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución española.

A Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, na reunión do día 23 de xuño de 2009, foi informada deste real decreto. Así mesmo foron consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas e as comunidades autónomas.

A Comisión Permanente do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego foi informada deste real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer medidas para o mantemento de emprego e para facilitar a reinserción laboral dos traballadores excedentes no sector do xoguete, como consecuencia dos cambios estruturais no comercio mundial, así como o establecemento de axudas especiais a aqueles traballadores de 55 ou máis anos que teñan problemas para encontrar emprego.

2. Será de aplicación o disposto neste real decreto ás empresas e aos seus traballadores que realizan actividades industriais do sector do xoguete, entendendo por tales aquelas que se encontren encadradas nalgunha das alíneas seguintes:

a) Empresas industriais encadradas na epígrafe 32.4 da Clasificación Nacional de Actividades Económicas CNAE 09, que se dediquen á fabricación dos artigos seguintes:

Triciclos, patinetes, coches de pedal e xoguetes similares con rodas, coches e cadeiras de rodas para bonecas.

Bonecas, bonecos e os seus accesorios.

Trens eléctricos incluídos os raís, sinais e demais accesorios.

Xogos e xoguetes de construción.

Xoguetes que representen animais ou seres non humanos.

Instrumentos e aparellos musicais de xoguetes.

Crebacabezas e artigos similares.

Xoguetes e modelos con motor.

Armas de xoguete.

Modelos en miniatura.

Naipes para xogos infantís.

Artigos para xogos de sociedade e de mesa.

Fabricación de xogos electrónicos.

b) As empresas industriais que, non estando encadradas na epígrafe 32.4 da CNAE 09, se dediquen, nunha porcentaxe igual ou superior ao 60 por cento do valor da súa produción total nos últimos tres anos, á fabricación dos artigos recollidos na alínea anterior.

c) As empresas industriais auxiliares do xoguete que nos últimos tres anos destinasen unha porcentaxe anual da súa produción igual ou superior ao 60 por cento como provedoras das empresas sinaladas nas alíneas anteriores.

3. A aplicación desta norma ás empresas incluídas nas alíneas b) e c) do número 2 anterior requirirá sempre a autorización do Ministerio de Traballo e Inmigración, que, por petición das empresas interesadas e por proposta do Observatorio Industrial a que fai referencia a disposición adicional terceira desta norma ou, no seu defecto, das organizacións empresariais e sindicais máis representativas do sector, decidirá se procede ou non a súa inclusión. Procederá resolver favorablemente a solicitude das empresas interesadas cando quede acreditado que cumpren os requisitos establecidos nas alíneas b) e c) do número 2 anterior.

4. Para os efectos previstos neste real decreto:

a) Considéranse traballadores excedentes os traballadores do sector do xoguete cuxo contrato se extingue por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ben a través do procedemento de regulación de emprego establecido nos

artigos 51 e 57 bis do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou ben cando a extinción do contrato de traballo sexa polas causas obxectivas recollidas no artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores, e cumpran os requisitos que para cada un dos tipos de subvencións se recollen neste real decreto. No caso de extinción do contrato por causas obxectivas será necesario, ademais, ter unha antigüidade mínima na empresa de tres anos.

b) Considéranse traballadores desempregados os demandantes de emprego, non ocupados, rexistrados nos servizos públicos de emprego.

5. Respecto das medidas establecidas no artigo 7 deste real decreto, o seu ámbito de aplicación esténdese a todas as empresas en xeral, con independencia da súa inclusión ou non no sector do xoguete, sempre que os seus destinatarios finais sexan traballadores excedentes do devandito sector.

#### Artigo 2. *Natureza e réxime xurídico aplicable.*

1. As accións formativas das empresas e permisos individuais de formación, para manter no emprego traballadores de 55 ou máis anos e para incentivar a contratación dos traballadores excedentes do sector do xoguete, regulados nos artigos 4, 5 e 7 deste real decreto, terán a consideración de incentivos para o fomento do emprego no sector referido e realizaranse mediante bonificacións nas cotizacións da Seguranza Social.

2. As medidas reguladas nos artigos 6, 8, 9, 10, 11 e 12 deste real decreto terán a natureza xurídica de subvencións e rexeranse polo establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, así como nas demais normas que resulten de aplicación.

#### Artigo 3. *Financiamento.*

1. As medidas e incentivos mediante bonificacións recollidas nos artigos 4, 5 e 7 financiaranse con cargo aos correspondentes créditos para formación profesional para o emprego dirixida preferentemente a traballadores ocupados e para o Programa de fomento do emprego consignados no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

2. Os créditos con que se financiarán as subvencións recollidas nos artigos 6, 8, 9, 10, 11 e 12 deste real decreto non terán o carácter de fondos de emprego de ámbito nacional, a que se refire o artigo 14 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, para os efectos de aplicar o establecido no artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, sobre a territorialización anual para a súa xestión polas comunidades autónomas, da dotación orzamentaria habilitada polo acordo de Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, para facilitar o axuste laboral dos sectores afectados por cambios estruturais no comercio mundial.

3. O financiamento do custo das subvencións citadas no número anterior do sector do xoguete desenvolvidas neste real decreto sufragarase con cargo ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal, no cal se consigna o crédito dispoñible destinado para a dita finalidade.

## CAPÍTULO II

### **Medidas para favorecer o mantemento do emprego no sector do xoguete**

#### Artigo 4. *Medidas de apoio en materia de accións formativas das empresas e permisos individuais de formación.*

1. As empresas do sector do xoguete que, tendo presentado o plan de reciclaxe a que se refire o número 2 deste artigo, accedan á formación de demanda financiada co



sistema de bonificacións que prevé o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, poderanse beneficiar das seguintes medidas:

a) Os créditos dispoñibles para formación continua, en función do tamaño das empresas, serán:

Empresas de 1 a 5 traballadores: un crédito de 565 euros ou o 100 por cento da cota achegada se a contía resultante é maior.

Empresas de 6 a 9 traballadores: un crédito de 720 euros ou o 100 por cento da cota achegada se a contía resultante é maior.

Empresas de 10 a 49 traballadores: o 100 por cento da cota.

Empresas de 50 a 249 traballadores: o 80 por cento da cota.

Empresas de 250 ou máis traballadores: o 60 por cento da cota.

b) Os custos directos da formación non estarán suxeitos ao límite dos módulos económicos máximos establecidos no artigo 12 da Orde TAS 2307/2007, do 27 de xullo, que desenvolve parcialmente o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de demanda e o seu financiamento e se crea o correspondente sistema telemático, así como os ficheiros de datos persoais de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal.

c) As empresas poderán autorizar permisos individuais de formación aos seus traballadores para asistir ás accións formativas previstas no plan de reciclaxe a que fai referencia o número seguinte.

2. As empresas interesadas en acceder a estas medidas deberán presentar, ante o Servizo Público de Emprego Estatal e utilizando a folia de remisión que figura como anexo, que así mesmo estará dispoñible e poderá ser presentada a través do sistema telemático implantado polo devandito Servizo Público de Emprego Estatal previsto no artigo 9 da Orde TAS/2307/2007, do 27 de xullo, un plan de reciclaxe elaborado pola empresa para os seus traballadores, motivado nalgún ou varios dos seguintes supostos ou similares:

Cambios substanciais nos procesos produtivos.

Implantación de novos procesos organizativos.

Formación para a maquinaria de tecnoloxía nova na empresa.

Reciclaxe para a mobilidade e polivalencia funcional para evitar excedentes de emprego.

Elaboración e adaptación de novos produtos.

O citado plan de reciclaxe deberá incluír unha memoria que indique, se é o caso, obxectivos de produtividade e mantemento de emprego, así como o volume económico do investimento que se vai realizar especificando o financiamento achegado, se é o caso, pola propia empresa. Igualmente, sinalaranse os aspectos relativos á formación:

Descrición do colectivo de traballadores obxecto de recualificación.

Accións formativas que se van desenvolver.

3. Poderase presentar un plan de reciclaxe referido a unha agrupación de empresas, de acordo co previsto no número anterior. Neste caso, o plan será presentado por unha entidade organizadora que, designada nos termos previstos no artigo 16.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, se comprometa a organizar a formación aos traballadores das citadas empresas.

4. No non previsto neste artigo, as empresas beneficiarias das medidas previstas no número 1 deberán realizar a formación dos seus traballadores, cuxo custo pretendan bonificar, de acordo coas disposicións do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, e da Orde TAS 2307/2007, do 27 de xullo, así como coas especificacións de xestión do sistema telemático desenvolvido para o efecto.

Artigo 5. *Incentivos mediante bonificacións para o mantemento dos traballadores de idade nas empresas.*

1. As empresas do sector que manteñan nos seus cadros de persoal traballadores que teñan cumpridos os 55 anos o 26 de decembro de 2008 ou os cumpran durante a vixencia deste real decreto, que teñan subscrito coa empresa un contrato de traballo indefinido e que conten cunha antigüidade nela de polo menos tres anos, terán dereito a unha bonificación de cotas á Seguranza Social ata que os traballadores alcancen a idade establecida nos programas xerais de reducións ou bonificacións de cotas por mantemento do emprego.

2. A contía da bonificación será do 50 por cento da cota empresarial por contingencias comúns, salvo por incapacidade temporal derivada destas, sobre as cotas xeradas desde o día en que se cumpran os requisitos antes sinalados, ata que o traballador alcance a idade establecida nos programas xerais de reducións ou bonificacións de cotas por mantemento do emprego.

Respecto aos traballadores de 59 anos que reúnan os requisitos sinalados nos parágrafos anteriores, complementarase a redución da cota empresarial do 40 por cento a que teñen dereito as empresas cun 10 por cento máis de bonificación ata que os traballadores cumpran sesenta anos.

3. Estas bonificacións aplicaranse tamén ás cooperativas e sociedades laborais respecto dos seus socios traballadores ou de traballo que se manteñan nelas, con vínculos de carácter indefinido e que cumpran os requisitos antes indicados, sempre que as entidades optasen por un réxime de seguranza social propio de traballadores por conta allea.

4. Estas bonificacións serán compatibles coas establecidas con carácter xeral no Programa de fomento do emprego, regulado na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, sen que a suma das bonificacións aplicables poida superar o 100 por cento da cota empresarial á Seguranza Social.

### CAPÍTULO III

#### **Medidas para facilitar a reinserción laboral no sector do xoguete**

Artigo 6. *Plans de formación sectorial.*

1. Con cargo á dotación orzamentaria específica prevista no artigo 3.2 financiarase un plan específico de formación, que se desenvolverá en dúas fases:

a) Estudo de necesidades e diagnóstico de habilidades e competencias profesionais.

b) Proposta de accións formativas dentro dos seguintes programas:

Programa de especialización en deseño de novos produtos e as súas tecnoloxías emerxentes.

Programa de especialización profesional en mercadotecnia, novas canles de comercialización, distribución, licenzas, etc.

Programa de tecnoloxías emerxentes de produción: novas tecnoloxías de inxección, novos materiais, automatización da produción, etc.

Programa de mellora da produtividade.

Programa de especialización en loxística.

Programa de formación en calidade, I+D+i, ambiente.

Programa de novas tecnoloxías da información.

2. Serán beneficiarias das subvencións destinadas ao financiamento dos plans de formación sectorial as organizacións sindicais e as asociacións empresariais máis representativas do sector do xoguete que teñan subscrito un acordo sectorial estatal de

formación para o emprego, coa natureza conferida polo artigo 83.3 do Estatuto dos traballadores aos acordos sobre materia concreta.

3. As subvencións e o procedemento para a súa concesión adecuaranse ao previsto no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego e as normas que o desenvolven.

*Artigo 7. Incentivos para a contratación de traballadores excedentes do sector.*

1. O incentivo consistirá na bonificación da cota empresarial á Seguranza Social, nunha contía superior á prevista no Programa de fomento do emprego, regulado na Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, ás empresas que contraten traballadores desempregados excedentes do sector, por tempo indefinido, a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Esta contratación deberase realizar nos dous anos seguintes á extinción do contrato, salvo no caso dos traballadores de 55 ou máis anos, que terán dereito á bonificación con independencia da data en que sexan contratados. Esta extinción deberase producir desde o 26 de decembro de 2008 ata a finalización da vixencia deste real decreto.

2. As bonificacións na cota empresarial á Seguranza Social efectuaranse coas seguintes duracións e contías mensuais ou, se é o caso, polo seu equivalente diario, por cada traballador contratado pertencente aos seguintes colectivos:

- a) Mulleres en xeral: 83,33 euros/mes (1.000 euros/ano) durante 4 anos.
- b) Traballadores con discapacidade: a contía que corresponda segundo o establecido no Programa de fomento do emprego, incrementada nun 5 por cento, durante 2 anos.
- c) Maiores de trinta anos e ata corenta e cinco anos:

Traballadores cuxa contratación non dea dereito a bonificación por non pertencer a ningún colectivo de bonificación dos establecidos con carácter xeral no Programa de fomento do emprego: 41,67 euros/mes (500 euros/ano) durante 2 anos.

Traballadores cuxa contratación dea dereito a bonificación por pertencer a algún colectivo de bonificación dos establecidos con carácter xeral no Programa de fomento do emprego: a contía que lles corresponda segundo o establecido no Programa de fomento do emprego, incrementada nun 5 por cento, durante 2 anos.

- d) Maiores de corenta e cinco anos e menores de cincuenta e cinco anos: 100 euros/mes (1.200 euros/ano) durante o primeiro ano de contrato e 108 euros/mes (1.296 euros/ano) durante o resto do contrato.

De se tratar de traballadoras, 116,67 euros/mes (1.400 euros/ano) durante o primeiro ano e 125 euros/mes (1.500 euros/ano) durante o resto do contrato.

- e) Traballadores con cincuenta e cinco ou máis anos: 100 euros/mes (1.200 euros/ano) durante o primeiro ano de contrato e 110 euros/mes (1.320 euros/ano) durante o resto do contrato.

De se tratar de traballadoras, 116,67 euros/mes (1.400 euros/ano) durante o primeiro ano e 129,17 euros/mes (1.550 euros/ano) durante o resto do contrato.

Cando o traballador contratado de 55 ou máis anos sexa perceptor de prestación contributiva por desemprego e lle reste, polo menos, un ano de percepción: 140 euros/mes (1.680 euros/ano) durante o primeiro ano de contrato e 150 euros/mes (1.800 euros/ano) durante o resto do contrato.

3. Cando a contratación indefinida sexa a tempo parcial, as bonificacións aplicaranse nas proporcións establecidas no artigo 2.7 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

4. Estas bonificacións só serán de aplicación nas condicións sinaladas na primeira contratación realizada ao traballador excedente do sector do xoguete.

As mesmas bonificacións se aplicarán no caso de cooperativas e sociedades laborais respecto ás incorporacións como socios traballadores ou de traballo, con carácter indefinido



e que cumpran os requisitos antes sinalados, sempre que a entidade optase por un réxime de seguranza social propio de traballadores por conta allea.

Artigo 8. *Subvencións durante o proceso de busca de emprego.*

1. Serán beneficiarios das subvencións durante o proceso de busca de emprego os traballadores desempregados, especialmente aqueles con dificultades de empregabilidade, excedentes do sector do xoguete.

2. Poderanse conceder as seguintes subvencións:

a) Por busca de emprego.—Os traballadores que participen en accións de orientación, preferentemente a través de grupos de busca de emprego ou accións similares, que en todo caso deberán ser titorizadas por orientadores profesionais, recibirán durante o tempo que permanezan incluídos nas devanditas accións unha subvención de 350 euros por mes, ou parte proporcional por períodos inferiores, durante un período máximo de tres meses. Cando os traballadores teñan 55 ou máis anos, o período máximo de percepción da subvención será de seis meses. Este período de tres ou seis meses computarase de forma continuada desde o inicio da primeira acción de orientación.

b) Por accións de reciclaxe profesional.—Os traballadores que asistan a cursos de formación terán dereito a unha bolsa por asistencia de 10 euros por día lectivo ata a finalización do curso. Esta bolsa é compatible coas axudas e bolsas establecidas no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.

Artigo 9. *Subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica.*

1. Serán beneficiarios das subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica os traballadores desempregados, excedentes do sector do xoguete, cuxa contratación implique mobilidade xeográfica.

2. Considérase que existe mobilidade xeográfica cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Que, como consecuencia da contratación, se produza un traslado efectivo da residencia habitual do traballador.

b) Que a localidade de destino onde se sitúe o posto de traballo se encontre a máis de 100 quilómetros da localidade de orixe, agás cando se trate de desprazamentos con destino ou orixe en Ceuta ou Melilla ou desprazamentos interinsulares, efectuados entre calquera das illas de cada un dos arquipélagos, en que a distancia poderá ser inferior.

c) Que a contratación sexa mediante un contrato indefinido ou temporal, cunha duración efectiva do contrato igual ou superior a seis meses.

3. Poderanse conceder as seguintes subvencións:

a) Subvencións para financiar os gastos derivados do traslado de residencia por mobilidade xeográfica, que se concederán por unha única vez, logo de xustificación dos gastos efectivamente realizados:

1.º Gastos de desprazamento.—Estas subvencións destinaranse a cubrir os gastos de desprazamento do beneficiario, así como os dos familiares ao seu cargo que convivan con el, desde a localidade de orixe á do novo destino.

Cando o desprazamento se realice en liña regular de transporte público, a contía máxima da axuda será o importe do billete ou pasaxe dentro da tarifa correspondente á clase segunda, turista ou equivalente.

De se utilizar para o desprazamento o vehículo particular, a contía máxima da axuda será a contía establecida para o efecto nas administracións públicas como indemnización por uso de vehículo particular, á cal se engadirá o importe das peaxes que se xustifiquen.

A contía máxima da axuda será de 4 veces o IPREM mensual vixente.

2.º Gastos de transporte de mobiliario e enxoval.–Polo traslado de mobiliario e enxoval do traballador, así como os dos familiares ao seu cargo que convivan con el, desde a localidade de orixe á do novo destino, a contía da axuda será a do custo do devandito traslado, ata un máximo de 4 veces o IPREM mensual vixente.

3.º Gastos de aloxamento.–Estas subvencións destinaranse a cubrir gastos xerados polo aloxamento, incluíndo o alugamento ou adquisición de vivenda ou outros gastos de hospedaxe, do beneficiario e dos familiares ao seu cargo que convivan con el, na localidade de novo destino, durante os doce primeiros meses de vixencia do contrato. A contía máxima da axuda será de 10 veces o IPREM mensual vixente.

4.º Gastos de gardarías.–Estas subvencións destinaranse a cubrir gastos xerados por asistencia a gardarías ou a outros centros, durante o primeiro ciclo de educación infantil, dos fillos do beneficiario que dependan economicamente del, durante os doce primeiros meses de vixencia do contrato. A contía máxima da axuda será de 4 veces o IPREM mensual vixente.

b) Subvencións para compensar diferenzas salariais.–Cando a base de cotización do novo contrato do traballador excedente sexa inferior á do seu último contrato no sector do xoguete, o traballador terá dereito a percibir por meses unha contía equivalente á diferenza entre ambas as dúas bases de cotización, por un importe máximo de 500 euros/mes e durante un tempo máximo de dezaioito meses.

Para os efectos do cálculo da diferenza considerárase a media das bases de cotización para accidentes de traballo e enfermidades profesionais, excluída a retribución por horas extraordinarias, durante os seis meses anteriores á data de extinción do contrato anterior e a media das bases de cotización seguintes á data de vixencia do novo contrato, por períodos de seis meses. No suposto de que o último contrato do traballador, o novo contrato ou ambos os dous sexan a tempo parcial, o cálculo efectuarase de xeito proporcional á xornada habitual ou a tempo completo.

En caso de extinción do contrato de traballo, o traballador, mediante o oportuno procedemento, perderá o dereito ao cobramento das subvencións que aínda non tivese percibido.

**Artigo 10. Subvencións para facilitar a inserción laboral dos traballadores de 52 ou máis anos.**

1. Serán beneficiarios das subvencións para facilitar a inserción laboral dos traballadores de 52 ou máis anos os traballadores desempregados que teñan esa idade ou máis anos na data de entrada en vigor deste real decreto, excedentes do sector do xoguete, e cunha antigüidade, cando menos, de seis anos no sector, durante o conxunto da súa vida laboral, cuxa contratación, indefinida ou temporal, cunha duración efectiva do contrato igual ou superior a seis meses, implique unha diminución salarial nos termos recollidos no número seguinte.

2. Cando a base de cotización resultante do novo contrato do traballador excedente sexa inferior á do último contrato no sector do xoguete, o traballador terá dereito a percibir por meses unha contía equivalente á diferenza entre ambas as bases de cotización, por un importe máximo de 500 euros/mes e durante un tempo máximo de vinte e catro meses.

3. O cálculo da diferenza entre bases de cotización efectuarase na forma establecida no artigo 9.3.b).

**Artigo 11. Subvencións especiais para os traballadores de 55 ou máis anos.**

1. Serán beneficiarios das subvencións especiais para os traballadores de 55 ou máis anos aqueles traballadores excedentes do sector do xoguete, que permanezan desempregados unha vez extinguida por esgotamento a percepción da prestación contributiva por desemprego, que durante o proceso de reinserción laboral se encontren en situación de especial necesidade motivada polas condicións de extinción do seu

contrato de traballo e o mantemento da situación de desemprego e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter cumpridos 55 anos de idade o día 1 de xaneiro de 2009.
- b) Ter unha antigüidade no sector do xoguete de, cando menos, seis anos no conxunto da súa vida laboral.
- c) Ter recoñecida unha prestación por desemprego de nivel contributivo cunha duración de vinte e catro meses e tela extinguida por esgotamento, tanto de se percibir de xeito ininterrompido como tras o seu reinicio ou pola súa reapertura polo exercicio dun dereito de opción.

Para os efectos de cómputo do período de 24 meses tomarase en consideración o período correspondente á posible existencia de reposición de prestacións por desemprego derivada da suspensión do contrato de traballo. No suposto de reposición de prestacións, estas percibiranse sen solución de continuidade desde o esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo.

d) Que o contrato de traballo se extinguiuse por expediente de regulación de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción establecido nos artigos 51 e 57 bis do Estatuto dos traballadores ou cando a extinción do contrato de traballo se produza polas causas obxectivas previstas no artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores, sen prexuízo de que, con anterioridade á extinción, o contrato se suspendese por expediente de regulación de emprego.

e) Que desde a extinción do contrato de traballo transcorrese un período de 24 meses cuberto coa percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo e, de ser o caso, co período de reposición desa prestación derivada da suspensión anterior do contrato de traballo por expediente de regulación de emprego.

f) Permanecer en desemprego e inscrito como demandante de emprego unha vez esgotada a prestación por desemprego de nivel contributivo.

2. A contía da subvención será de 3.000 euros anuais; ratearase os períodos inferiores e percibirase desde que o traballador extinga por esgotamento a prestación por desemprego de nivel contributivo. Deben ter transcorrido en todo caso dous anos desde a extinción do contrato de traballo e, como máximo, ata que cumpra os 61 anos.

Os traballadores que non puidesen ser recolocados nun prazo de 24 meses desde o esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo verán incrementada a contía desta subvención en 2.500 euros anuais ata que cumpran os 61 anos.

As contías anteriores serán de aplicación aos traballadores cuxo último contrato de traballo no sector fose a tempo completo. No caso de traballadores a tempo parcial, a contía das subvencións será proporcional á xornada laboral media dos últimos seis meses, agás nos supostos de redución de xornada previstos nos números 4 bis, 5 e 7 do artigo 37 do Estatuto dos traballadores, en que a contía da subvención se incrementará ata o cen por cento da contía que tería correspondido se se tivese mantido o traballo a tempo completo ou a tempo parcial.

O período total de percepción das subvencións especiais consideradas neste artigo non poderá ser superior a catro anos.

3. O traballador a que se lle recoñeza o dereito a estas subvencións terá dereito, ademais, a percibir unha cantidade equivalente á correspondente á subscrición dun convenio especial coa Seguranza Social pola mesma base de cotización pola que cobrou a prestación contributiva por desemprego, para o financiamento deste, naqueles casos en que, segundo o artigo 51.15 do Estatuto dos traballadores, a empresa non teña a obriga legal de financeiro e conforme a normativa reguladora deses convenios especiais.

O dereito ao cobramento desta cantidade manterase mentres o traballador teña dereito a estas subvencións e extinguirase en todo caso ao cumprir os 61 anos de idade.

4. O recoñecemento e a percepción destas subvencións requirirá que se cumpran os requisitos indicados no número 1, que o traballador permaneza desempregado e que siga estando dispoñible para aceptar unha colocación que resulte adecuada á súa capacidade

laboral e condicións socioprofesionais e para participar en actuacións dirixidas a favorecer a súa inserción laboral.

Con carácter previo á concesión da subvención, segundo o disposto na disposición adicional segunda, por solicitude do traballador afectado ou dos representantes legais dos traballadores, o Servizo Público de Emprego ou órgano ou entidade da comunidade autónoma competente emitirá un informe, para os efectos do futuro recoñecemento, en que se faga constar que o traballador reúne os requisitos para poder ser beneficiario.

O recoñecemento do dereito ás distintas subvencións realizarao con carácter definitivo o Servizo Público de Emprego competente, por solicitude do traballador afectado ou dos representantes legais dos traballadores, cando transcorresen dous anos desde a extinción do contrato e non se tivese recolocado o traballador.

5. O pagamento das subvencións especiais consideradas neste artigo realizarase por períodos mensuais ou coa periodicidade que determinen os seus órganos xestores e poderase capitalizar, respecto ás subvencións consideradas no número 2 anterior, tomando para iso como límite da súa percepción a idade de 61 anos do traballador, cando a xuízo dos correspondentes servizos públicos de emprego as posibilidades de recolocación do traballador sexan moi limitadas, ou cando este se estableza como traballador autónomo ou por conta propia, ou se incorpore como socio traballador ou de traballo a cooperativas ou sociedades laborais.

6. A celebración dun contrato de traballo polo beneficiario dará lugar á suspensión da percepción da subvención durante a duración do dito contrato. Cando se produza a extinción do contrato poderase reiniciar a percepción da subvención logo de solicitude do interesado, salvo cando a extinción se deba a causas imputables á vontade do traballador. Esta suspensión interromperá o cómputo do período de 24 meses establecido no parágrafo segundo do número 2 deste artigo.

*Artigo 12. Subvencións para promover o emprego por conta propia como autónomos ou en empresas de economía social.*

1. Serán beneficiarios das subvencións para promover o emprego por conta propia os traballadores desempregados, excedentes do sector do xoguete, que se vaian establecer como traballadores autónomos e as cooperativas e sociedades laborais en que se incorporen eses traballadores desempregados como socios traballadores ou de traballo.

2. A finalidade destas subvencións é proporcionar un apoio especial aos traballadores que pretendan establecerse como traballadores autónomos ou por conta propia, ou que se incorporen como socios traballadores ou de traballo nunha cooperativa ou sociedade laboral.

3. Neste suposto as subvencións serán as previstas para a promoción do emprego autónomo na Orde TAS/1622/2007, do 5 de xuño, pola que se regula a concesión de subvencións ao Programa de promoción do emprego autónomo, nos seus artigos 3.a), 3.b), 9.1 e 9.2, e as previstas para a promoción do emprego nas cooperativas e sociedades laborais no artigo 5.1 da Orde TAS/3501/2005, do 7 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento do emprego e a mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais, incrementándose a contía que corresponda nas seguintes porcentaxes:

- a) Traballadores menores de 55 anos, o 10 por cento.
- b) Traballadores de 55 ou máis anos, o 15 por cento.

4. Os requisitos e a forma de concesión serán os establecidos na normativa vixente, en especial o Real decreto 357/2006, do 24 de marzo, polo que se regula a concesión directa de determinadas subvencións nos ámbitos do emprego e da formación profesional ocupacional, a Orde TAS/1622/2007, do 5 de xuño, citada e a Orde TAS/3501/2005, do 7 de novembro, mencionada anteriormente ou as disposicións que as substitúan.

5. O financiamento do Programa de fomento de emprego a que se refire este artigo efectuarase con cargo á distribución territorial acordada na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais para as correspondentes actuacións. Non obstante, as contías adicionais

das subvencións establecidas no número 3 financiaranse con cargo á dotación orzamentaria específica a que se refire o artigo 3 deste real decreto.

**Artigo 13. *Actuacións das administracións públicas.***

As administracións públicas competentes deberán establecer puntos de atención específicos onde se lles preste a todos os traballadores desempregados, excedentes do sector do xoguete, información e, se é o caso, asesoramento en todas aquelas cuestións relacionadas coa busca de emprego e a cualificación profesional e coas demais subvencións establecidas para tales traballadores.

Así mesmo, deberán ofrecer a estes traballadores a participación en accións específicas de políticas activas para a súa inserción laboral. Co obxecto de garantir a eficacia destas accións realizaranse, por un lado, entrevistas individualizadas que permitan detectar as oportunidades, necesidades e carencias dos traballadores de cara á súa inserción laboral e, por outro, efectuarase o seguimento do itinerario de inserción de cada traballador.

## CAPÍTULO IV

### Procedemento

**Artigo 14. *Procedemento de concesión das subvencións.***

As subvencións previstas no capítulo III deste real decreto, salvo as reguladas no artigo 6, que se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva e conforme o procedemento establecido no Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, e normas que o desenvolven, outorgaranse por solicitude dos traballadores ou dos seus representantes legais, en réxime de concesión directa, atendendo ao seu carácter singular polo seu interese público, económico e social derivado dos particulares circunstancias económicas e sociais do sector do xoguete orixinadas polos cambios estruturais no mercado mundial, ao abeiro do disposto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 67 do seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

**Artigo 15. *Órganos xestores.***

1. A xestión das subvencións corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal e aos órganos ou entidades correspondentes das comunidades autónomas con competencias en materia de xestión das políticas activas de emprego respecto dos traballadores que perdesen o seu emprego nos centros de traballo que radiquen no seu ámbito territorial en que se producise o cesamento total ou parcial da súa actividade produtiva. Nos supostos en que a subvención estea vinculada á contratación do traballador, será competente o Servizo Público de Emprego Estatal ou os órganos ou entidades correspondentes das comunidades autónomas en cuxo ámbito territorial se sitúe o centro de traballo onde preste a súa actividade. Nas subvencións para o establecemento como traballadores autónomos ou por conta propia, será competente o Servizo Público de Emprego Estatal ou os órganos ou entidades correspondentes das comunidades autónomas en cuxo ámbito territorial se sitúe o domicilio fiscal correspondente á actividade por conta propia desenvolvida.

2. A xestión das subvencións para os plans de formación sectorial previstos no artigo 6 corresponderá ao Servizo Público de Emprego Estatal, ao tratarse de plans de formación sectorial de ámbito estatal, de acordo co previsto nos artigos 6.4, 22 e 24.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo.

**Artigo 16. *Competencia dos servizos públicos de emprego.***

Corresponde aos servizos públicos de emprego competentes a determinación da forma e dos prazos da presentación de solicitudes das subvencións deste real decreto. Así



mesmo, corresponderá aos servizos públicos de emprego a tramitación do procedemento, respectando a natureza xurídica das subvencións establecidas no capítulo III deste real decreto, a resolución e, se é o caso, o pagamento das subvencións e a realización dos controis necesarios.

#### Artigo 17. *Xustificación e reintegro das subvencións.*

1. A xustificación polos beneficiarios das subvencións percibidas axustarase ao establecido no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no capítulo II do título II do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento desta lei.

2. Será de aplicación o artigo 17.3 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobada polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

3. Darán lugar á obriga de reintegrar as cantidades percibidas as causas de invalidez da resolución de concesión recollidas no artigo 36 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Tamén procederá o reintegro, total ou parcial, e a exixencia do xuro de mora desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do seu reintegro, nos supostos recollidos no artigo 37 da citada lei.

## CAPÍTULO V

### **Libramento de fondos ás comunidades autónomas, execución e xustificación**

#### Artigo 18. *Libramentos ás comunidades autónomas.*

1. A distribución de fondos que se deba realizar ás comunidades autónomas con competencias de xestión asumidas das políticas activas de emprego, como órganos xestores a que se refire o artigo 15 deste real decreto, financiados con cargo á dotación orzamentaria autorizada polo acordo de Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, levarase a efecto a través de dous libramentos anuais: o primeiro, do 80 por cento da contía estimada para cada exercicio, no mes de marzo e, o segundo, do 20 por cento restante da estimación anual, no mes de outubro. A estimación da contía para cada comunidade autónoma efectuarase en función do número e características dos traballadores afectados do sector do xoguete, e da previsión das subvencións que se van conceder no respectivo ámbito territorial. A solicitude da habilitación dos libramentos cursaraa o responsable da xestión autonómica mediante escrito, dirixido á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, con especificación do montante de fondos para o sector do xoguete, e recoñecidos como ámbito funcional de aplicación do citado acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006.

2. O montante dos libramentos queda condicionado á dispoñibilidade do crédito autorizado no estado de gastos do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal destinado para o seu financiamento.

#### Artigo 19. *Xustificación que deben remitir as comunidades autónomas á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal.*

1. Finalizado o exercicio, e con anterioridade ao 31 de marzo do seguinte ano, as comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal un estado comprensivo dos créditos asignados, entendendo por tales os libramentos realizados no exercicio anterior, dos compromisos de gasto contraídos, das obrigas recoñecidas e dos pagamentos realizados polas subvencións xestionadas, así como, en caso de existiren, dos reintegros de subvencións financiadas cos libramentos de exercicios anteriores que se levasen a cabo. Esta certificación será subscria polo responsable da xestión das subvencións, ao cal dará a súa conformidade o interventor da comunidade autónoma que realizase a función fiscalizadora.

Se a xestión que realice a comunidade autónoma se leva a efecto sen a concorrencia de órgano fiscalizador (interventor) por non dispoñer deste segundo a súa propia



organización e competencias en materia de execución orzamentaria, contable e financeira, a conformidade será dada polo responsable que teña competencia de control orzamentario ou contable, deixando constancia da dita circunstancia mediante a indicación expresa da disposición normativa que así o ampare, con referencia á súa publicación no diario oficial da comunidade autónoma.

Así mesmo, con anterioridade ao 31 de marzo, a comunidade autónoma remitirá á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal información sobre as accións realizadas e as persoas atendidas nos termos que se establezan nos anexos que para o efecto se incorporen á resolución de concesión da Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal pola que se fagan efectivos os libramentos. Estes anexos subscribíraos o responsable da xestión das subvencións.

2. O Servizo Público de Emprego Estatal non procederá ao libramento solicitado pola respectiva comunidade autónoma mentres non se xustificase a execución dos fondos librados no exercicio inmediatamente anterior, nos termos expostos no número anterior deste artigo.

#### Artigo 20. *Remanentes.*

1. Os remanentes non comprometidos dos libramentos feitos efectivos no exercicio anterior que se encontren en poder das comunidades autónomas seguirán mantendo o destino específico para o cal foron transferidos e utilizaranse no seguinte exercicio, como situación de tesouraría na orixe, como remanentes que serán descontados dos subseguintes libramentos que soliciten as distintas comunidades autónomas.

Non obstante, con anterioridade ao 31 de marzo do exercicio seguinte á supresión ou perda de vixencia das medidas recollidas neste real decreto, as comunidades autónomas devolverán os remanentes non comprometidos ao Servizo Público de Emprego Estatal. Esta devolución, que se materializará mediante o correspondente ingreso na conta oficial do Servizo Público de Emprego Estatal situada no Banco de España, acreditarase mediante certificación subscribida polo responsable da xestión das subvencións e o interventor actuante que fiscalizase o gasto ou, no seu defecto, o responsable que teña competencia de control orzamentario ou contable, na forma determinada no artigo 19.

Do montante de compromisos de créditos minoraranse, en caso de existiren, os reintegros obtidos pola respectiva comunidade autónoma, sen prexuízo do exercicio de procedencia.

2. De non se realizar a devolución na forma e nos prazos sinalados no parágrafo anterior, a Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal iniciará o correspondente procedemento de reintegro con suxeición ás prescricións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no regulamento para o seu desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

#### Disposición adicional primeira. *Xestión polas comunidades autónomas.*

Este real decreto é unha das normas reguladoras de subvencións concedidas polo Servizo Público de Emprego Estatal, para os efectos establecidos nos correspondentes reais decretos de traspaso ás comunidades autónomas da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

As comunidades autónomas que asumisen o traspaso da xestión realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito do traballo, o emprego e a formación, así como dos programas de apoio a este, exercerán as funcións que lles correspondan segundo o disposto nos reais decretos de traspaso. Esta xestión realizarase de acordo co establecido neste real decreto e nas normas que diten as comunidades autónomas para a súa execución en función da súa propia organización.

Disposición adicional segunda. *Expedientes de regulación de emprego e despedimentos polas causas obxectivas previstas no artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores que afecten traballadores de 55 ou máis anos de idade.*

1. Para os efectos da aplicación das subvencións consideradas no artigo 11 deste real decreto, as empresas do sector do xoguete que inicien un procedemento de regulación de emprego de extinción da relación laboral que vaia afectar traballadores de 55 ou máis anos de idade incluírán, ademais da documentación necesaria establecida no artigo 6.1 do Real decreto 43/1996, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de regulación de emprego e de actuación administrativa en materia de traslados colectivos, informe do Servizo Público de Emprego ou órgano ou entidade da comunidade autónoma correspondente acreditativo de se eses traballadores teñen unha expectativa de dereito a percibir as subvencións especiais previstas neste artigo por cumpriren os requisitos previstos nas alíneas a) e b) do número 1 deste, e por teren o período de ocupación cotizado necesario para obter unha prestación por desemprego de nivel contributivo de 24 meses de duración, tal e como establece a alínea c) do mesmo número e artigo, conforme a información facilitada pola entidade xestora desas prestacións.

2. Así mesmo, nos casos de extinción do contrato de traballo polas causas obxectivas previstas no artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores, será necesario o informe a que se refire o número anterior.

Disposición adicional terceira. *Informes dos observatorios industriais.*

Cando o convenio colectivo aplicable ao sector do xoguete ou cando as organizacións sindicais e as asociacións patronais máis representativas deste sector, conforme o establecido no artigo 83.3 do Estatuto dos traballadores, acorden a constitución dun observatorio industrial bipartito, atribuiranse a este observatorio funcións como as de informar sobre os plans de reciclaxe de formación profesional para o emprego, sobre as medidas de acompañamento especiais para os traballadores de 55 ou máis anos de idade, así como sobre as solicitudes de capitalización desas medidas. Para estes efectos emitirá o informe ao correspondente servizo público de emprego.

Disposición adicional cuarta. *Compatibilidade co subsidio por desemprego.*

De acordo coa disposición adicional sesaxésimo quinta da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, as subvencións establecidas neste real decreto, malia o establecido no artigo 215.3.2 do texto refundido da Lei xeral da seguranza social, non se computarán como renda do desempregado para os efectos de recoñecemento e percepción dos subsidios por desemprego, establecéndose a compatibilidade dos subsidios por desemprego coas indicadas subvencións.

Disposición adicional quinta. *Subvencións para a posta en práctica de programas experimentais de emprego específicos.*

1. A finalidade destas subvencións é procurar a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral dos traballadores desempregados, excedentes do sector do xoguete, mediante a súa incorporación a programas experimentais de emprego específicos.

2. Será de aplicación a estes programas o establecido na Orde TAS/2643/2003, do 18 de setembro, pola que se regulan as bases para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas experimentais en materia de emprego, coa excepción do previsto neste artigo.

3. Poderán participar nestes programas os traballadores desempregados, excedentes do sector do xoguete, e non serán aplicables os tipos de programa, porcentaxes de participantes e obxectivos de inserción establecidos no artigo 2 da Orde TAS/2643/2006, do 18 de setembro.

Nestes programas o obxectivo de inserción laboral deberá ser, polo menos, do 35 por cento dos desempregados atendidos durante o desenvolvemento dos proxectos. Con carácter xeral, considerarase que esa inserción laboral se conseguiu cando, durante a vixencia do programa, o desempregado sexa contratado como traballador por conta allea, se incorpore como socio traballador ou de traballo en cooperativas de traballo asociado ou sociedades laborais ou se constitúa como traballador por conta propia ou autónomo, en todos os casos por unha duración non inferior a seis meses. Non obstante, en cada programa poderase adecuar a definición desta inserción.

4. O financiamento dos programas experimentais de emprego específicos a que se refire este artigo efectuarase con cargo á distribución territorial acordada na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais para as correspondentes actuacións.

Disposición adicional sexta. *Aplicación doutras políticas activas de emprego.*

Os traballadores excedentes do sector do xoguete, obxecto das medidas reguladas neste real decreto, poderán tamén ser obxecto das demais políticas activas de emprego establecidas polas comunidades autónomas.

Disposición adicional sétima. *Réxime de aplicación de bonificacións.*

1. No non regulado por esta norma, as bonificacións establecidas nos artigos 5 e 7 rexeranse, para os efectos de requisitos dos beneficiarios, exclusións, concorrencia, contía máxima, incompatibilidades, financiamento, aplicación e control, mantemento e reintegro, polo disposto para o Programa de fomento do emprego na Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego.

No caso das empresas do sector do xoguete, non será aplicable a exclusión establecida no artigo 6.2 da citada Lei 43/2006, do 29 de decembro.

2. Estas bonificacións serán aplicables nos correspondentes documentos de cotización presentados desde o mes seguinte á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional oitava. *Información, seguimento e control.*

1. Mediante a negociación colectiva sectorial ou de empresa poderanse articular procedementos de información e seguimento por parte das empresas e os representantes dos traballadores para contribuíren á correcta aplicación das medidas establecidas neste real decreto, en particular cando as extincións de contratos de traballo respondan ás causas obxectivas establecidas no artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores.

2. En todo caso, corresponde á Inspección de Traballo e Seguranza Social a función de vixilancia e exixencia do cumprimento do disposto neste real decreto, de conformidade coa Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguranza Social.

Disposición adicional novena. *Xustificación de libramentos nos sectores do téxtil e da confección e de fabricación e de compoñentes do calzado, curtidos e marroquinaria.*

O disposto nos artigos 19 e 20 deste real decreto sobre xustificación que remitirán as comunidades autónomas á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal e remanentes será de aplicación aos fondos librados polo Servizo Público de Emprego Estatal no exercicio de 2009 e posteriores para o financiamento dos plans de apoio regulados no Real decreto 5/2008, do 11 de xaneiro, polo que se establecen medidas para facilitar a adaptación laboral do sector téxtil e da confección aos cambios estruturais no comercio mundial, e no Real decreto 100/2009, do 6 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a adaptación laboral do sector de fabricación e compoñentes do calzado, curtidos e marroquinaria aos cambios estruturais no comercio mundial.

Disposición adicional décima. *Subvencións para a posta en práctica de programas experimentais de emprego específicos nos sectores téxtil e da confección e de fabricación e compoñentes do calzado, curtidos e marroquinaría.*

O disposto na disposición adicional quinta respecto dos programas experimentais de emprego específicos será de aplicación nos plans de apoio regulados no Real decreto 5/2008, do 11 de xaneiro, polo que se establecen medidas para facilitar a adaptación laboral do sector téxtil e da confección aos cambios estruturais no comercio mundial, e no Real decreto 100/2009, do 6 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a adaptación laboral do sector de fabricación e compoñentes do calzado, curtidos e marroquinaría aos cambios estruturais no comercio mundial.

Disposición adicional décimo primeira. *Subvencións para a incorporación como socios traballadores ou de traballo en cooperativas e sociedades laborais nos sectores téxtil e da confección e de fabricación e compoñentes do calzado, curtidos e marroquinaría.*

O disposto no artigo 12 respecto das subvencións pola incorporación como socios traballadores ou de traballo en cooperativas e sociedades laborais será de aplicación nos plans de apoio regulados no Real decreto 5/2008, do 11 de xaneiro, polo que se establecen medidas para facilitar a adaptación laboral do sector téxtil e da confección aos cambios estruturais no comercio mundial, e no Real decreto 100/2009, do 6 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a adaptación laboral do sector de fabricación e compoñentes do calzado, curtidos e marroquinaría aos cambios estruturais no comercio mundial.

Disposición adicional décimo segunda. *Simplificación nos trámites administrativos relativos á presentación de plans de reciclaxe en materia formativa nos sectores téxtil e da confección e de fabricación e compoñentes do calzado, curtidos e marroquinaría.*

O disposto no artigo 4.2 respecto á folia de remisión para acceder ás medidas de apoio en materia de accións formativas será tamén aplicable á presentación dos plans de reciclaxe considerados no Real decreto 100/2009, do 6 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a adaptación laboral do sector de fabricación e compoñentes do calzado, curtidos e marroquinaría aos cambios estruturais no comercio mundial, e na Orde TAS/3243/2006, do 19 de outubro, pola que se dispoñen medidas necesarias para o desenvolvemento parcial do previsto no acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006 sobre determinadas medidas financeiras e sociolaborais integradas no Plan de Apoio ao Sector Téxtil e da Confección.

Disposición transitoria primeira. *Libramentos de fondos ás comunidades autónomas no exercicio 2009.*

Durante o ano 2009, os libramentos de fondos ás comunidades autónomas, a que se refire o artigo 18 deste real decreto, tramitaranse no mes seguinte da entrada en vigor deste real decreto, pola totalidade da estimación realizada por cada comunidade autónoma.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación das medidas de reinserción laboral a traballadores do sector do xoguete antes da data de entrada en vigor do real decreto.*

1. As medidas para facilitar a reinserción laboral, recollidas nos artigos 8, 9, 10 e 12 deste real decreto, serán aplicables aos traballadores excedentes do sector do xoguete cuxo contrato de traballo se extingue durante o período comprendido entre o 26 de decembro de 2008 e a data de entrada en vigor desta norma, ben por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción a través do procedemento de regulación de emprego establecido nos artigos 51 e 57 bis do Estatuto dos traballadores ou cando a

extinción do contrato de traballo se produza por causas obxectivas, previstas no artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores, e cumpran os requisitos establecidos nos artigos citados.

2. As subvencións especiais previstas no artigo 11 deste real decreto serán aplicables aos traballadores do sector do xoguete que, cumprindo os requisitos establecidos nas alíneas b), c), d) e e) do número 1 do devandito artigo, extinguisen o seu contrato de traballo ben por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción a través do procedemento de regulación de emprego establecido nos artigos 51 e 57 bis do Estatuto dos traballadores, ou cando a extinción do contrato de traballo se produza por causas obxectivas previstas no artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores durante o período comprendido entre o 26 de decembro de 2008 e a data de entrada en vigor desta norma, sempre que no momento da extinción do seu contrato o traballador cumprise o requisito establecido na alínea a) do número 1 do citado artigo 11.

Disposición transitoria terceira. *Aplicación de bonificacións.*

As medidas de apoio en materia de formación continua e os incentivos mediante bonificacións para o mantemento de emprego, considerados nos artigos 4 e 5 deste real decreto, aplicaranse nas cotas xeradas a partir do 1 de xaneiro de 2009.

A Tesouraría Xeral da Seguranza Social impulsará de oficio as devolucións de cotas correspondentes aos períodos xa ingresados antes da entrada en vigor desta norma polos importes das bonificacións non aplicadas. Non obstante, respecto das bonificacións por formación continua, observarase o disposto no artigo 17.2 do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en virtude do cal poderán ser aplicadas en calquera liquidación do exercicio correspondente co límite debido ao mes de decembro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación laboral. A regulación das bonificacións previstas nos artigos 4, 5 e 7 e na disposición adicional sétima dítase ao abeiro do artigo 149.1.17ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da seguranza social.

Disposición derradeira segunda. *Informe de avaliación e control do gasto.*

Aos doce meses da entrada en vigor desta norma, e con carácter anual, o Ministerio de Traballo e Inmigración, logo de consulta coas organizacións empresariais e sindicais máis representativas no sector do xoguete, e das comunidades autónomas, elaborará un informe de avaliación sobre a aplicación das medidas contidas neste real decreto e sobre a adecuación dos gastos contraídos e a súa previsible evolución á contía establecida no acordo de Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, para facilitar o axuste laboral dos sectores afectados por cambios estruturais no comercio mundial.

O informe, que será presentado á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderá dar lugar á adopción polos órganos competentes das medidas que resulten necesarias para asegurar o adecuado cumprimento do obxecto deste real decreto dentro do marco de non superación da contía establecida no citado acordo do Consello de Ministros.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Traballo e Inmigración para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor e vixencia.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e as medidas incluídas neste terán unha vixencia dos dous anos seguintes contados desde a indicada data. Non obstante, a aplicación de cada unha das medidas estenderase polo período de tempo previsto en cada caso.

Dado en Madrid o 13 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Trabajo e Inmigración,  
CELESTINO CORBACHO CHAVES



## ANEXO

### Solicitud de aplicación do Plan de Apoio ás Accións de Formación nas empresas do sector do xoguete

Don/a .....,  
como representante legal da entidade.....,  
solicita ao Servizo Público de Emprego Estatal a súa inclusión no Plan Integral de Políticas Activas de Emprego para os traballadores do sector do xoguete.

Datos da empresa:

Razón social: ..... NIF: .....

Domicilio: ..... Telf :.....

Correo electrónico: ..... CNAE: .....

Convenio colectivo de aplicación: .....

Data de alta na SS:.....

A esta solicitude deberáselle xuntar o plan de reciclaxe da empresa.

Plan de reciclaxe (art.º 4.2) debido a:

Cambios substanciais nos procesos produtivos.

Implantación de novos procesos organizativos.

Formación para maquinaria de tecnoloxía nova na empresa.

Reciclaxe para mobilidade e polivalencia funcional para evitar excedentes de emprego.

Elaboración e adaptación de novos produtos.